

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (GAIN), INSTITUTO GALLEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), SOCIEDAD XESTORA DE ENTIDADES DE INVERSIÓN DE TIPO CERRADO, S.A.U. (XESGALICIA), E A FUNDACIÓN CEL INICIATIVAS POR LUGO, PARA A CONTINUIDADE DA AERONAUTICS BUSINESS FACTORY- BFAERO-4ª E 5ª EDICIÓN**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A directora da Axencia Galega de Innovación da Vicepresidencia II e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, **DECLARA:**

A Axencia Galega de Innovación (en adiante, GAIN), o Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, IGAPE) a Sociedade Xestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado, S.A.U. (en diante, XESGALICIA) e a Fundación CEL Iniciativas por Lugo, teñen previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 30/12//2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Dar **continuidade**, ao asinado o 3 de Outubro de 2018 para a posta en marcha da Business Factory Aero, que tivo un período de vixencia até o 31 de decembro de 2021.

O desenvolvemento dunha industria aeronáutica en Galicia é un obxectivo das políticas de innovación e industria da Xunta de Galicia e que por iso lanzou a iniciativa estratéxica coñecida como a Civil UAVs Initiative (CUI), dirixida a lograr a mellora da eficiencia e a eficacia nun amplo número de servizos e actividades que realiza o sector público galego mediante o emprego de aeronaves e vehículos mariños non tripulados.

No novo período do Polo Aeroespacial de Galicia (2021-2025), a BFAero e a **actuación 25 del Plan Estratégico de la Civil UAVs Initiative 2021-2025**, adquire unha maior relevancia estratéxica, como así o demostra o seu protagonismo en varias actuacións da iniciativa, enmarcadas no Programa de Infraestruturas e no Programa de Talento.



*Fixar as bases de colaboración entre as entidades para levar a cabo o Programa de aceleración no ámbito aeronáutico que lanzará a 4ª e 5ª edición.*

*Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.*

*Que o **instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:***

*O Convenio a asinar terá por obxecto fixar as bases de colaboración entre as entidades referidas anteriormente para levar a cabo a 4ª e 5ª edición da BFAero, cos correspondentes programas de incubación, aceleración e unha nova fase de consolidación para a internacionalización das empresas participantes e promover así a creación, aceleración e consolidación, de empresas innovadoras na cadea de valor do sector aeroespacial de Galicia, que capten atraian e reteñan talento e que contribúan a fortalecer o posicionamento do sector e a incrementar a súa proxección internacional.*

*Son polo tanto obxectivos do novo convenio:*

- *Fortalecer o ecosistema tecnolóxico cun foco máis internacional.*
- *Maximizar as sinerxías das actuacións de BFAero na Civil UAVs Initiative.*
- *Garantir a consolidación do sector en Galicia, promovendo a captación de novos proxectos con alto potencial de escalado comercial, e favorecendo o crecemento dos máis exitosos apoiados nos anos anteriores da aceleradora.*

Así, prevese a incubación e aceleración dun mínimo de 24 proxectos empresariais.

O importe total do convenio ascende a *catro millóns catrocentos sesenta mil cento doce euros 4.460.112€* e ata sete millóns douscentos dez mil cento doce euros **7.210.112 €**, co financiamento potencial de XESGALICIA, co seguinte detalle:

- *Apoio a proxectos (fondo perdido aportado por GAIN):Total: 1.110.000 euros*



- *Custos operativos: 3.350.112 euros*
  - *IGAPE (26,9%): 901.555,50 euros*
  - *GAIN (73,1%): 2.448.556,5 euros*
- *Potencial Financiamento de XESGALICIA: Total: 2.750.000 euros*

Apoio a Proxectos: GAIN aportará para subvencións a proxectos a cantidade de 1.110.000 €, dos orzamentos da Axencia Galega de Innovación para os anos 2022, 2023,2024 segundo sigue:

Aplicación orzamentaria 06.A2.-561.A-770.0

	2022	2023	2024	Total
GAIN				
Incubación	60.000€	120.000	60.000	240.000€
Aceleración	150.000€	450.000	0	600.000€
Consolidación	90.000€	180.000€	0	270.000€
Total (€) por anualidade	300.000€	750.000€	60.000€	1.110.000€

Custes Operativos: GAIN e IGAPE compensarán a Fundación CEL Iniciativas por Lugo polos custes xerados un importe máximo de 3.350.112€ ; 2.448.556,5 € con cargo á aplicación orzamentaria 06.A2.-561.A-640.0 dos orzamentos da Axencia Galega de Innovación para os anos 2022, 2023 e 2024 e un importe de 901.555,50€ con cargo á aplicación orzamentaria 06.A1.-741A-640.2 dos orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica para os anos 2022 ,2023,2024.

Orzamentos de GAIN:

Aplicación orzamentaria.	Código de proxecto	Anualidade	Total por anualidade
06.A2.-561.A-640.0	2016 00004	2022	1.299.556,50€
		2023	1.068.000€
		2024	81.000€
Total ( IVE Incluído)			<b>2.448.556,50€</b>



Para levar a cabo iste financiamento, GAIN realizará a oportuna retención para a transferencia do crédito ( documento contable RCT) ao IGAPE.

A cofinanciamento de GAIN destinarase aos conceptos descritos no Anexo V e será transferida ao IGAPE para que iste se encargue da liquidación global do convenio.

Orzamentos do IGAPE:

<b>Aplicación Orzamentaria</b>	<b>anualidade</b>	<b>Total por anualidade</b>
06.A1.-741A-6402	2022	399.799,50€
	2023	436.756,00€
	2024	65.000,00€
<b>Total ( IVE Incluído)</b>		<b>901.555,50€</b>

Para que se abonen os devanditos importes, presentará, nos termos e condicións recollidos a tal efecto no anexo V do Convenio, as facturas e demais documentos que se indican no citado anexo, como son as memorias económicas e memorias de actividades.

Por outra banda, XESGALICIA no marco deste convenio, para a fase de aceleración, XESGALICIA poderá financiar cun préstamo participativo que podería levar unha opción de capitalización a cada un dos proxectos seleccionados de cada edición por un importe que irá de 50.000 euros e até 250.000 euros na fase de consolidación, a través do fondo de capital risco que mellor se adapte á fase da evolución do proxecto. Este financiamento estará condicionada a que outros financiadores ou os socios achegar polo menos a mesma financiamento ao proxecto e cumpíranse os requisitos esixidos por XESGALICIA.

	<b>2022</b>	<b>2023</b>	<b>Total</b>
XESGALICIA	<b>4ª edición</b>	<b>5ª edición</b>	
<b>Aceleración</b>	250.000€	250.000€	500.000€
	1ª edición	2ª y 3ª edición	
<b>Consolidación</b>	750.000€	1.500.000€	2.250.000€
<b>Total (€) por edición</b>	<b>1.000.000€</b>	<b>1.750.000€</b>	<b>2.750.000€</b>



Por outra banda, a Fundación CEL no marco deste convenio, será a responsable da operativa da BFAero, sendo as súas obrigas:

- 1. A participación activa nas funcións do Comité Executivo.*
- 2. Facilitar un espazo para aloxar a sede inicial da BFAero no Palacio de Exposicións e Congressos de Lugo (como mínimo, inicialmente 500 m2).*
- 3. Proporcionar o equipo de xestión da BFAero, composto, polo menos por dous profesionais.*
- 4. Elaborar un plan operativo anual e un plan de comunicación anual.*
- 5. Redactar as convocatorias e xestionar todo o proceso de selección de empresas.*
- 6. Xestionar as infraestruturas e as actividades de soporte ás empresas.*
- 7. Realizar a mercadotecnia e a promoción da BFAero.*
- 8. Realizar o control económico e financeiro da BFAero.*
- 9. Presentar a GAIN e IGAPE unha memoria económico-financeira trimestral de acordo ás instrucións de xustificación de gastos que proporcionarán as institucións.*
- 10. Acompañar cada xustificación de gastos presentada a GAIN e IGAPE dun informe de auditoría.*
- 11. A organización e xestión das actividades propias da BFAero, incluíndo o programa de formación.*
- 12. A organización e xestión de todos os servizos prestados pola BFAero ás empresas seleccionadas.*
- 13. A coordinación de todas as actividades de apoio do resto de asinantes.*
- 14. A xestión operativa das instalacións da BFAero: recepción, limpeza, telecomunicacións, etc.*
- 15. A xestión de provedores e, no seu caso, a licitación e firma de contratos con provedores da BFAero.*



*16. A elaboración de informes mensuais e o reporting no marco da Civil UAVs Initiative.*

*18. A organización e convocatoria de reunións e a xestión de incidencias.*

*19. Dinamizar as actividades da Comunidade BFAero*

*20. Calquera outra que, de maneira xustificada, lle sexa encomendada polo Comité Executivo.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,  
A directora da Axencia Galega de Innovación  
Patricia Argerey Vilar

